DEPARTAMENTO MÚSICA

I. Introducción

II. Obxectivos xerais

III. Contidos primeiro ciclo

1) Linguaxe musical
2) Expresión vocal e canto
3) Expresión instrumental
4) Movemento e danza
5) A música no tempo
6) Música e comunicación

IV. Especificacións para 4º ESO

a) Execución vocal e instrumental
b) Audicións
c) Investigación sobre as posibilidades da linguaxe musical
d) Análise da música na sociedade actual e na súa historia.

V. Bacharelato: música 1 / música 2

1) Obxectivos
2) Contidos
3) Criterios de avaliación.

VI. Temporalidade dos contidos

VII. Atención a diversidade

VIII. Temas transversais

IX. Materiais

X. Actividades extraescolares

XI. Metodoloxía

XII. Avaliación

a) Criterios de avaliación
b) Procedementos e instrumentos de avaliación
c) Temporalización da avaliación
d) Criterios mínimos de avaliación.

XIII. Historia da música

a) Introducción
b) Obxectivos xerais de área
c) Organización e secuencia de contados
d) Avaliación
e) Estratexias, métodos e procedementos de avaliación.
f) Criterios de avaliación
g) Tratamento da diversidade
h) Temas transversais
i) Programación didáctica

XIV. 3º ESO (LOE)
XV. Contribución da materia á adquisición de competencias básicas.

I. Introducción

A programación que presento abarca toda a ESO e máis bacharelato na área de música.

Neste curso, 2007-2008, os alumnos da ESO usarán coma libro de texto a editorial **GALINOVA,** mentres que en bacharelato non terán manual de referencia, nin en música 1 nin en música 2, tendo coma referencia o libro de Historia da música de 2º de BACH, o de **Emilio Casares** da editorial **EVEREST.**

O departamento de música está formado por:

- **Purificación Palacios Alborrán**
- **Marcos Maoxu Quintela**
- **Lucinio Medel Iglesias (xefe departamento)**
- **Carmen García Neira (é de Lingua Castelá e completa con música)**

Temos que ter en conta, e o dicimos na introducción, que este curso entra a vigor a LOE en 3º da ESO (xa que nos non temos a asignatura de música en 1º ESO), polo tanto en 3º ESO cambiamos o libro de texto para adecualo a nova lei, e faremos un apartado específico para este curso seguindo as pautas do DOG 13 Xullo de 2007.

Tamén faremos referencia a contribución da materia de música a adquisición de competencias básicas.

II. Obxectivos xerais

- Expresar de forma orixinal, as súa ideas e sentimentos mediante o uso da voz, instrumentos e movemento, co fin de enriquecer todas as formas de expresión e posibilidades de comunicación da música.

- Gozar da audición como fonte de enriquecemento cultural, comunicación e pracer persoal, interesándose o alumno por ampliar os seu gustos musicais.

- Analizar obras musicais coma exemplo de creación artística, e dentro do patrimonio cultural do que forman parte.

- Utilizar de forma autónoma e creativa as fontes de información, partituras, medios audiovisuais e outros recursos, para o coñecemento e goce do fenómeno musical, así como usar terminoloxía apropiada para expresarse dentro do contexto musical.

- Participar en actividades tanto dentro coma fóra do centro, cunha actitude aberta e respectuosa.

- Valorar a importancia do silencio como condición previa a existencia da música, así coma tomar conciencia do mal uso do ruído de cara ó resto do grupo.

- Utilizar e gozar da danza como medio de expresión ligada o fenómeno musical, e como forma de expresión individual e colectiva. Valorando a súa contribución a historia da música e o desenrolo humano.

III. Contidos do primeiro e segundo ciclo da ESO

Os contidos nesta etapa os dividiremos, (**escoita/ interpretación/creación/ contextos musicais só en 3º ESO**) en seis grandes subgrupos:

1) Linguaxe musical

Conceptos:

- Son e silencio.
- Parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.
- Elementos da música: ritmo, harmonía, melodía e textura.
  . o pulso como ordenador das unidades métricas
  . a escala como organizadora xerárquica de alturas: tonalidade e modalidade
  .a frase como xeradora da forma
  . consonancia e disonancia como elementos harmónicos.
- Procedementos compositivos : repetición, imitación, variación, desenrolo, improvisación, etc.
- Formas; tema e variacións, rondó, sonata, lied, etc.

Procedementos:

1) Lectura e escritura de ritmos, melodías, acordes, cadencias sinxelas, e partituras de apoio.
2) Práctica da memoria retentiva.
3) Audición de fragmentos de obras musicais onde identificar motivos, timbres, elementos formais, etc.
4) Audición e recoñecemento de fórmulas rítmicas, motivos, formas etc.
5) Elaboración e interpretación de partituras adecuadas o nivel do grupo
6) Improvisación rítmica, melódica, etc.
7) Recoñecemento de escalas como organización xerárquica de alturas.
8) Práctica de pautas básicas de interpretación: respecto ó silencio, atención os compañeiros e o profesor, traballo persoal.

Actitudes:

- Valoración da obra en conxunto, e cada unha das súas partes.
- Apreciación do son e o silencio como elementos básicos da música.
- Interese no coñecemento da música e as normas básicas que as dirixen.
- Participación activa con interese nas actividades propostas, axudando a realizala coa máxima perfección posible.
- Aceptación das normas que rexen a interpretación en grupo.

2) Expresión vocal e canto

Conceptos

- A voz e a palabra como medio de expresión musical:

  . calidades e tipos de voz
  . a voz falada e cantada: intención comunicativa e recursos especiais

- A canción:

  . análise do seus elementos constitutivos (ritmo, melodía, harmonía e forma)
  . aspectos interpretativos (afinación, precisión, dicción, fraseo e expresión)
  . tipos de cancións e características.

- Formas e agrupacións vocais. A forma como condicionante da agrupación.
- Estilos vocais e tipos de canto ó longo da historia.

Procedementos

1) Práctica de relaxación, respiración, articulación, resonancia e entoación.
2) Utilización de rimas, trabalinguas e textos.
3) Improvisacións vocais: individuais e en grupo, libres e dirixidas, con e sen melodía.
4) Xogos e improvisacións con fonemas.
5) Improvisacións sobre esquema harmónicos.
6) Improvisacións melódicas sobre un texto.
7) Interpretación de cancións en grupo, a “capella”, e con acompañamento instrumental.
8) Audicións de fragmentos de música vocal, de diferentes estilos.
9) Gravacións e comentarios de pezas realizadas na aula.

Actitudes

- Valoración da expresión vocal como fonte de comunicación de idease sentimentos.
- Tolerancia e respecto polas capacidades vocais dos compañeiros, e as de un propias.
- Recoñecemento da importancia do uso correcto da voz e da necesidade de evitar os berros e esforzos inútiles.
- Disposición favorable a gozar e deixar gozar co canto.
- Apertura a diferentes estilos e formas de canto, con independencia do gusto persoal.

3) Expresión instrumental

Conceptos

- Os instrumentos como medio de expresión musical.
- Clasificación dos instrumentos.
- As habilidades técnicas como medio de expresión instrumental.
- A interpretación individual e en grupo: características.
- A improvisación como recurso compositivo: características

Procedementos

1) Uso dun repertorio variado que achegue a distintos estilos, épocas e culturas.
2) Práctica das habilidades técnicas que precisen os instrumentos a usar.
3) Improvisación instrumental:
   . motivos , frases, e formas rítmicas
   . melodías sobre diferentes escalas e modos
   . melodías sobre un acompañamento harmónico dado
4) Uso dos instrumentos para acompañara voz e a danza.
5) Incorporación de tradicións populares (xogos, danzas, etc.) a práctica instrumental.
6) Utilización de material diverso para investigar descubrir fenómenos propios da producción sonora.
7) Realización de gravacións na aula e facer comentarios críticos

4) Movemento e danza

Conceptos

- O movemento
  . factores do movemento: tempo, peso, espacio
  . manifestacións básicas : locomoción, xestos, elevación, rotación e posición
  . calidades do movemento: forza, velocidade e precisión.

- Movemento e danza
  . formas dos movementos: libres e establecidas
  . elementos musicais: ritmo, melodía, harmonía e forma
  . elementos da danza: pasos, figuras, agrupacións acompañamento musical
  . formas espontáneas de danza.

- Estilos e tipos de danzas: étnicas, clásicas, populares, didácticas, modernas, socias e cortesáns.
- A danza como manifestación cultural: histórico e social.
- O movemento e danza en relación con outras artes.

Procedementos:

1) Profundización na práctica de actividades básicas do movemento.
2) Observación de danzas e formas de movemento. Comentario sobre as mesmas con vocabulario propio do tema.
3) Realización de xogos: populares, de creación propia, etc.
4) Exercitar a mobilidade a través de diferentes estilos de danzas.
5) Utilización de danzas: históricas, tradicionais, didácticas e de salón.
6) Desenrolo de coreografías na aula.
7) Realización de gravacións de diferentes danzas que fagan os alumnos e logo discutilas..

Actitudes

- Sensibilización da conciencia corporal.
- Valoración positiva tanto da actividade coma no repouso.
- Apertura e goce cos diferentes estilos de danzas.
- Valoración do movemento como medio de expresión dos sentimentos e como medio de comunicación.
- Recoñecemento do movemento e da danza como medio para enriquecer a percepción visual e musical.

5) A música no tempo

Conceptos

- Música culta e música popular. Situación da obra no tempo .
- O compositor e a súa obra.
- Os grandes períodos da historia da música: formas e estilos.
- A música española.
- A música doutras culturas.

Procedementos

1) Audición de música de diferentes estilos, xéneros, formas e etnias.
2) Utilización dos recursos precisos para a comprensión das obras escoitadas: partituras, musicogramas, etc.
3) Utilización de linguaxe oral e escrito para expoñer as sensacións creadas despois da escoita das obras.
4) Investigación da obra musical, autor, estilo.

Actitudes

- Valoración da obra musical como manifestación artística.
- Valoración da música española como expresión do patrimonio cultural propio.
- Apertura e respecto as manifestación musicais doutras culturas.
- Sensibilidade cara novas propostas musicais.
- Interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando delas como oínte con capacidade crítica.
- Interese por coñecer o proceso creativo.
- Goce de audicións tanto gravadas como en directo.

6) Música e comunicación

Conceptos

- O son e a música nos medios de comunicación
  . a música en gravacións. Historia e situación actual
  . a música en directo. Actuacións musicais e concertos
- A música nos medios audiovisuais. A dependencia da imaxe. Tipos e funcións
- O consumo de música na sociedade actual. Productos musicais ao alcance de todos.
- Uso indiscriminado da música. Excesos de producción sonora: o problema do ruído.
- A música ao servizo doutras linguaxes.
- A función social da música. O canto como medio de relación social.

Procedementos

1) Indagación arredor da historia dos medios sonoros. Orixe, evolución e situación actual utilizando fontes de información diversas.
2) Manipulación de diversos soportes audiovisuais con fins creativos.
3) Análise da música gravada en relación cas linguaxes visuais (cinematográficas, teatral, publicitaria)
4) Utilización de medios audiovisuais con fins creativos, de percepción e apreciación musicais, buscando a calidade e as mellores condicións de reprodución.
5) Preparación, audición e debate de música en directo: concertos e actuacións musicais diferentes ao concerto(festa, música relixiosa, etc.)
6) Indagación e debate sobre a situación da contaminación sonora no entorno.

Actitudes

- valoración dos medios de comunicación como instrumento de coñecemento, goce e relación cos demais.
- Valoración das diferentes mensaxes sonoras e musicais emitidos polos distintos medios de comunicación.
- Actitude crítica ante o consumo de música.
- Apertura e interese polas tecnoloxías e innovacións nos medios de comunicación.
- Goce de espectáculos musicais e respecto polas normas que rexen os mesmos.
- Sensibilidade ante o exceso de ruído, e respecto polas zonas de sosego.

IV. Especificaións para 4º ESO

En 4º eso, a materia de música será optativa (non se lle aplica a LOE) e incluirá a ensinanza dos seguintes contidos:

A) Execución instrumental, vogal e corporal.

O alumno , dende unha selección do repertorio que trae o libro de texto, ou proposta polo profesor , abordará a práctica instrumental que lle encargue o profesor, debendo respectar o traballo tanto individual coma en grupo; do mesmo xeito se fará ca práctica vogal, e co coñecemento das diferentes danzas que se determinen.

B) Audición de produccións.

A escoita de obras musicais , ou referidas a tal, será importante para facer unha referencia do que se está a explicar, e o que está a pasar o noso a rredor. Coñecer como sona o que se plasmou na partitura . Tendo recpecto e crítica constructiva cara o que se está a escoitar.

C) Investigación sobre as posibilidades da linguaxe musical.

D) Análise da música na sociedade actual e na súa historia

Atención ó consumo de música, partindo dunha análise crítica das produccións musicais e os seus circuitos de consumo; a función que desempeña a música na sociedade actual e na súas capas sociais; a música nas diferentes sociedades e na vida cotiá delas. Crítica ao consumo indiscriminado da música

V. Bacharelato música 1/ música 2

Introducción

O carácter aberto e flexible da programación toma, no referido ao bacharelato, unha relevancia inda maior, xa que se tratará ao longo de dous cursos.

Obxectivos

- Analizar as obras musicais atendendo aos seus aspectos formais e estilísticos máis importantes, mediante a audición e investigación .
- Adquirir un vocabulario específico para expresar os procesos musicais que estamos a tratar.
- Utilizar a audición e a expresión musical como medios de coñecemento e desenrolo da sensibilidade e creatividade.
- Desenrolar unha actitude crítica ante o fenómeno musical da sociedade actual, e valorar as súas aportacións.
- Percibir a música coma unha manifestación artística do tempo a que pertence, e influenciada polos fenómenos sociais nas que se produciron.
- Comprende e respectar os procesos creativos e a súa difusión a través de diferentes canles de comunicación.
- Practicar para o avance na practica instrumental, vocal e de danza. Práctica que se realizará na clase cos diferentes instrumentos e espazos dos que se dispoñan.

Contidos

1) A música instrumental

- Nacemento, espacio e evolución da música instrumental. Compoñente organolóxico e función social da música ao longo da historia.
- Clasificación instrumental na música culta e na popular. Organoloxía.
- Agrupacións instrumentais: os instrumentos na sociedade que lles deu orixe.
- A evolución dos instrumentos tradicionais en Galicia, os instrumentos medievais.
- Análise da historia da música ata o S.XX.
- Música doutras culturas.
- Século XX: a era da informática.
- Función da música ao longo da historia.
- Práctica, co instrumental do que se dispoña, de diferentes pezas referidas aos apartados anteriores, que se adecúen a dinámica da clase.

2) Música vocal

- A música relixiosa.
- A música nas catedrais galegas: fontes.
- As formas musicais no barroco: cantata, oratorio, paixón. Súa evolución en diferentes épocas.
- Música profana: orixe e evolución. Música popular e música de corte.
- A teoría dos afectos como marco filosófico e retórico da música barroca.
- Práctica de pezas vocais (normalmente en conxunto).
- A música coral no romanticismo.
- A canción galega no Romanticismo: fontes, análise e práctica.
- A música vocal no S:XX.
- A música na sociedade actual: dende o Impresionismo as Vangardas.
- Música moderna; pop, rock, jazz, etc.

3) Música teatral

- O público e o espectáculo: función, espacio, socioloxía.
- A ópera: países, xéneros, evolución.
- A música teatral en España: tonadilla, zarzuela e ópera. O seu público.
- Danza e ballet: orixe, evolución e tipoloxía. Práctica de danzas.

4) A música na sociedade contemporánea

- Orixe da música contemporánea. Cambios sociais e culturais na Europa de entre guerras.
- Novos xéneros musicais no S.XX.
- O jazz: historia.
- As vangardas históricas: o papel de Shoenberg.
- A xeración musical do 27: o grupo dos oito.
- A experimentación.
- A revisión dos parámetros contemporáneos a finais do S.XX: o rexurdimento da tonalidade. A pantonalidade.
- O papel do músico contemporáneo como intelectual do seu tempo: música e pensamento.
- Serialismo e serialismo integral.
- A música sen intérpretes. A música electrónica e a música computerizada.
- Os compositores españois.
- O son gravado e a súa incidencia na música dos concertos: do fonógrafo ao son dixital.
- A música e as novas tecnoloxías da información e da comunicación: o estudio MIDI integrado na aula.

5) Interpretación musica

- A dirección orquestral: escolas e grandes mestres.
- A función do director ao longo da historia.
- Aportación das grandes figuras de música vocal.
- Os solistas instrumentais e a súa aportación a difusión da música.

- A interpretación da música tradicional galega e na música antiga: Criterios de autenticidade ou recreación; folclore e folclorización.

6) Actitudes, valores e normas

- Música activa: técnicas de relaxación: Musicoterapia.
- Valoración da música como parte propia da historia do alumno, e da aceptación dun pasado cultural común.
- Comprensión histórica dos estilos que se desenrolaron en Europa ao longo dos sécalos.
- Sensibilización e capacidade crítica, ante as obras que forman parte do patrimonio cultural europeo do que formamos parte.
- Interese e respecto polo coñecemento e análise das obras e dos instrumentos ao longo da historia ata os dos noso días.
- Apreciación,satisfacción e respecto ante a audición de obras ou espectáculos musicais.

Criterios de avaliación

- Diferenciar as características das formas musicais, vocais e de ballet, recoñecer a súa función social.
- Diferenciar as formas musicais máis importantes , a través dun adecuado estudio organolóxico e auditivo.
- Diferenciar as características das formas instrumentais producidas ao longo da historia a partir da súa función social.
- Establecer as principias características da música vocal no seu contexto histórico.
- Definir apropiadamente as características constitutivas das diferentes formas musicais.
- Recoñecer as diferente correntes compositivas do século XX e as fontes principias de pensamento que as sustenta.
- Comprender a función social da música ao longo da historia.
- Valorar as aportacións das tecnoloxías da comunicación ao ocio e a cultura de masas.
- Valorar a función do intérprete ao longo da historia ata a actualidade. Saciado aos diferentes enfoques da función musical nas diferente épocas.

As probas que se farán en BACH serán prácticas e/ou teóricas segundo conveña en cada momento e marquen as necesidades do profesor e do alumno.

VI. Distribución temporal dos contidos

O número de horas serán as seguintes:

2º ESO: 3 horas semanais.	1º BACH: 4 horas semanis
3º ESO: 2 hora semanais.	
4º ESO: 3 horas semanais.	2º BACH: 4 horas semanais

Os contidos distribuiranse por trimestre, entrando por trimestre tres temas, dos nove que consta cada libro. Exceptuando en Bach que non hai libro de texto, e Hªda música que levan o ritmo de 2º de BACH.

VII. Atención a diversidade

Unha vez realizada a avaliación previa, iranse detectando diferentes dificultades no referente a todos e cada un dos aspectos musicais tratados. Da mesma maneira, veranse as carencias ou necesidades especiais de certos alumnos, e para eles haberá que artillar actividades ou situación que os axuden a desenrolas as tarefas dunha maneira digna dentro da aula o una casa.

Polo que , ao longo do curso, iranse artillando mecanismo para cubrir as necesidades individuais que poidan xurdir dentro do grupo. Polo que se realizará unha aplicación flexible da programación para eses caso que o precisen.

VIII. Temas transversais

A) Educación ao consumidor

Crear no alumno unha actitude crítica ante o fenómeno musical que o rodea, e o coñecemento de todas as posibilidades musicais que existen e que poida escoller.

B) Educación para a saúde

A música axuda a crear uns hábitos de hixiene física e mental , permitindo un desenrolo persoal san, o aprecio o corpo, unha calidade de vida mellor e unhas relación interpersoais baseadas na autoestima.

Estimula a creatividade, a relaxación e o equilibrio psíquico do alumno.

C) Educación para a non discriminación sexual

O traballo e a práctica en grupo (danza, instrumental ou vocal), axudan a non discriminar a ninguén polo seu sexo.

D) Educación moral e cívica

O traballo en grupo, fai ver a necesidade de respectar aos demais, que dentro dun colectivo non se pode molestar para realizar actividades conxuntas(bailar, cantar, tocar, escoltar música)

E) Educación ambiental

O respecto ao silencio, e o traballo sobre o ruído, fa ver que este tamén é contaminación, e como tal hai que tratalo.

F) Educación para a paz

O respecto aos demais a hora de traballar, e o respecto as diferentes expresións musicais nacionais como doutros lugares do mundo e da historia, contribúen a respectar esas culturas.

IX. Materiais

1) Aulas: 2, sen illar acusticamente.
2) Equipamento de aula:

- instrumental Orff (incompleto)
- cadea HIFI con pletina e Cd
- atrís
- televisión en cor,vídeo e DvD
- outro material (moi escaso)

X. Actividades extraescolares

Ao longo do curso desenrolaranse diferentes actividades fóra da aula de música e do propio centro:

- asistencia a concertos
- visitas a museos
- cines e teatros (óperas, ballet, outros eventos)
- traballos en bibliotecas, hemerotecas.
- paseos fóra do centro con fins didácticos
- representacións teatrais con música
- participación en agrupación musicais.

XI. Metodoloxía de área

O concepto de **aprendizaxe significativo** é o que primará ao longo de todos os cursos (tendo en BACH outras connotacións), de aí a importancia da avaliación inicial e do coñecemento día a día do alumno dunha maneira individual.

O profesor debe estimular a aprendizaxe do alumno, sen que por esto esté relegado a un segundo plano o esforzo do alumno, reforzando sempre as calidades positivas do alumno, favorecendo a creatividade e o descubrimento como forma de aprendizaxe.

Unha metodoloxía onde a participación do alumno con preguntas e con actividades diversas, para ver a evolución tanto do grupo coma de cada alumno de maneira individual, sexa moi importante.

Débese favorecer o espírito crítico respectando a s manifestacións dos demais compañeiros e do profesor, onde o respecto aos demais, o profesor e o silencio axuden a desenrolar as actividades da clase.

Nas clases combinaranse partes prácticas e teóricas, segundo requira cada momento. Sempre favorecendo a participación do alumnado , sobre todo nunha materia como é a de música.

Por iso que: a escritura en pentagrama, a lectura, a práctica instrumental, audición activa, canto, realización de danzas investigacións, improvisacións, uso de medios audiovisuais, etc., formarán parte da metodoloxía a utilizar

Non se descartará a clase maxistral para certos apartados que o profesor considere oportuno, sempre complementado polas preguntas que fagan os alumnos.

XII. Avaliación

Criterios de avaliación

Os criterios quitaranse sempre do currículo oficial, pero coma complemento:

- Conquerir unha correcta execución das pezas tocadas, cantadas ou bailadas.
- Esforzarse nas actividades a realizar.
- Adaptarse ao grupo de traballo, evitando personalismos.
- Responsabilizarse das tarefas propias.
- Utilización da terminoloxía adecuada a cada nivel musical
- Demostrar que se saben os contidos dados na aula.

Procedementos de avaliación

- Observación do alumando de maneira individual e de conxunto
- Análise do traballo do alumno: caderno, traballos, caderno de exercicios, etc.
- Probas específicas
- Probas parciais
- Preguntas puntuais, traballo diario.
- Autoavaliación.

Calquera momento é bo para avaliar os alumnos, sempre que se considere oportuno.

Partindo da avaliación inicial, as probas parciais que se fagan (a criterio do profesor), valorarán os progresos do alumno. Tamén se valorará a avaliación continua (os avances que faga diariamente).

A porcentaxe que se lle dará a actitude nunca superará o 25% da nota do alumno.

Cando un alumno non acade os obxectivos fixados, buscaranse mecanismos para que poida recuperar.

Criterios mínimos de avaliación

- Identificar as calidades do son, instrumentos, voces, timbres.
- Establecer relación de semellanza e diferencia entre dous ou máis sons.
- Manter unha escoita atenta e concentrada.
- Imitar e memorizar esquemas rítmico e melódicos sinxelos.
- Interpretar partituras coñecendo a linguaxe musical.

- Coñecer e usar os diferentes aspectos musicais (intensidade, tempo, carácter)
- Realizar actividades con instrumentos para ver a destreza que se conquerir (frauta, e instrumental Orff principalmente).
- Reproducir e diferenciar auditivamente fórmulas rítmicas.
- Situar no seu contexto histórico as diferentes manifestacións musicais propias de cada época e pobo.

Estes mínimos adecuaranse a cada un dos ciclos e cursos .

Os obxectivos plasmaranse nunha ou varias probas conceptuais e /ou procedimentais ,na que o alumno mostrará a súa destreza cos instrumentos así coma os seus coñecementos teóricos dados, demostrando que chegou aos mínimos esixidos.

Esto aplicarase do mesmo xeito nos exames de Setembro, onde as probas versarán sobre os contidos previstos ao longo do curso.

XIII. Historia da música

a) Introducción

A ensinanza da materia de música en BACH, pretende formar ao alumno a través da análise, a comprensión e a valoración das manifestacións musicais que se produciron no pasado, e na que se pretende crear unha actitude crítica e aberta ante a creación, difusión e consumo da música na sociedade actual.

Esta ensinanza contribuirá a formación do alumno e permitiralle abordar outras materias nas que se afronte a análise da historia, as manifestación culturais ou a evolución da sensibilidade artística en xeral.

Así mesmo, a música neste curso pretende preparar aos alumnos para os estudos superiores relacionados tanto con esta disciplina, coma no resto das humanidades ou para a súa formación xeral.

Ao tratarse dunha materia relacionada co mundo da cultura en xeral, debe concibirse coma unha parte esencial dela, polo que será dunha maneira interdisciplinar costras materias como mellor se de.
Non debe pensarse a historia da música como algo o marxe da historia en xeral, da literatura, da escultura, pintura, arquitectura, filosofía, senón moi unida a todos estes apartados e formando parte esencial deles.

A ensinanza da historia da música en BACH partirá de dous piares fundamentais: A expresión e a audición musical. Comprender, analizar, asimilar, relacionar os contados dados entre eles, coller vocabulario específico, será preciso a hora de abordar a materia. Todo dentro dunha clase dinámica propia da materia de música.

No tocante a Galicia, lembrarase a actividade musical que se produciu ao longo da historia de maneira pormenorizada, e a súa aportación a cultura universal en xeral.

b) Obxectivos xerais de área

Os obxectivos xerais da ensinanza de Historia da música en BACH deben: " contribuír a que os alumnos e alumnas adquiran as seguintes capacidades"

1) Reflexionar acerca das múltiples manifestacións musicais que se producen na sociedade e valorar a súas aportacións.
2) Analizar as obras musicais, atendendo a aspectos formais e estilísticos, mediante a audición, a investigación e analizar a música como fenómeno social.
3) Percibir a música como unha manifestación artística inmersa na historia, considerando a influencia de factores de tipo cultural, económico e político no proceso creativo.
4) Comprender o proceso creativo e de difusión das obras musicais a través dos diversos medios de comunicación.
5) Utilizar os medios audiovisuais de forma creativa, valorando as súas posibilidades expresivas, o seu papel como fonte de información e coñecemento e comprender de forma elemental as redes de comunicación e a súa función na música.
6) Adquirir un léxico que permita expresar de forma oral e escrita, os procesos musicais e a súa relación con entorno cultural.
7) Utilizar a audición e expresión musical, como medio de coñecemento, enriquecemento e desenrolo da sensibilidade.
8) Elaborar suízos persoais sobre os temas e obras analizadas e traballadas.

c) Organización e secuencial de contidos

Bloque I: A música instrumental.

Unidade 1 :A música instrumental: pequenas formas e música de cámara.
. os espazos musicais
. as agrupacións instrumentais
. as formas instrumentais no renacemento
. as pequenas formas instrumentais barrocas
. pequenas formas e música do Clasicismo
. As pequenas formas durante o Romanticismo

Unidade 2: A música instrumental sinfónica
. a música instrumental barroca
. a música instrumental no Clasicismo
. a música instrumental no Romanticismo.

Bloque II: A música vogal

Unidade 3: a música vogal: formas evolución.

. Grecia, creadora da música occidental
. nacemento da música vogal occidental: o medievo
. a polifonía
. O ” ars nova”
. o canto : expresión oral
. a música vocal no Renacemento
. a música vocal no Barroco
. a música vocal no Clasicismo
. a música vocal no Romanticismo

Bloque III. A música teatral

Unidade 4: A ópera e a Opereta

. o nacemento da ópera
. a ópera do S.XVIII
. o Clasicismo: a reforma de Gluck, Mozart
. a ópera no Romanticismo
. as escolas nacionalistas
. a ópera no S.XX

Unidade 5: O teatro musical en España: zarzuela e ópera

. a zarzuela
. restauración da zarzuela. A zarzuela romántica
. xénero chico. Segundo período
. a zarzuela no S.XX. Decadencia e restauración.
. a ópera.

Unidade 6: A danza e o ballet

. a danza ata o S.XIX
. O ballet no S.XIX Diaguilev, Fokine, Massine e os ballet rusos
. a danza moderna
. a danza española

Bloque IV: A música na sociedade contemporánea.

Unidade 7: A música no S.XX: as primeiras rupturas.

. os cambios na linguaxe musical
. a música contemporánea ata a primeira guerra mundial
. a música dende a primeira guerra mundial
. a música española no S.XX ata as vangardas

Unidade 8: o S.XX: a música das vangardas.

. os primeiros movementos da posguerra ata os anos 50
. o postserialismo: música grupal, estocástica, citase e colages, minimalismo
. a música de vangarda en España

Bloque V: O son gravado, as novas tecnoloxías e a interpretación da música

Unidade 9: As novas tecnoloxías

. a cadea sonora: gravación, misturas e reprodución de son
. os contadores da música
. máquinas elaboradoras e transformadoras
. historia da fonografía
. a música e as novas tecnoloxías.

Unidade 10: a interpretación musical e os oficios musicais

. a interpretación musical: escolas, director intérprete
. os oficios musicais: ensinanza, investigación (musicoloxía), a edición, os medios de comunicación e a música, a crítica musical, a fabricación de instrumentos musicais

d) Avaliación

A avaliación será a mesma que en toda a súa educación:

- **Estratexias, métodos procedementos**

O profesor usará a aprendizaxe significativa sempre que poida (hai que pensar que a materia pode ir a selectivo e hai unha serie de contados e obxectivos a conquerir).

Ver o nivel inicial da aula e do alumno individualmente(avaliación inicial), seguir o proceso ao longo do curso (en trimestres, o traballo diario e a súa evolución), e a avaliación final , serán os piares da avaliación.

O profesor realizará probas escritas e/ou orais para ver os avances do alumno, así como o seu traballo diario (participar, cadernos, traballos, probas, etc.).

- **Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación serán indicadores da evolución da aprendizaxe do alumnado, e para ver tamén os posibles desaxustes que aparezan:

1) Distinguir as diferentes posibilidades de expresión vocal e recoñecer o papel musical que desempeña.
2) Establecer a s características da música vocal e a súa evolución, diferenciar as formas vocais máis importantes.
3) Diferenciar as característica da ópera, zarzuela, e ballet; recoñecer A súa función social.
4) Definir co léxico adecuado as características máis relevantes de diferentes obras e formas musicais, a través de audicións e partituras. Así como A súa historia e compositores máis representativos
5) Recoñecer a evolución dos instrumentos e as súas agrupacións, diferenciar as formas instrumentais máis representativas.
6) Analizar e comprender a función social da música.
7) Identificar as novas correntes compositoras e valorar as novas tecnoloxías na creación e reproducción da música.
8) Saber valorar a significación do intérprete na recreación e difusión musical.

e) **Tratamento a diversidade**.

O tratamento a diversidade en BACH terá unhas características distintas as da ESO, ao ser este (BACH) unha educación non obrigatoria dentro do proceso de escolarización do alumnado.

Hai que pensar que os contido aquí reflectidos están pensados para continuar unha educación superior, ben en estudos universitarios, ben en ciclos formativos superiores.

Xa o feito de dividir o BACH en diferentes itinerarios xa mostra unha certo grao de adecuación o alumnado, e unha certa orientación para eses estudos superiores.

En resumo, a atención ao alumnado será: atender as necesidades, en todo o posible, do alumno dentro do contexto no que está, e atender aos seus intereses expresados na elección dunha ou outra modalidade.

f) **Temas transversais**

Como en toda a educación (primaria, ESO), a función desta e algo máis que a adquisición de coñecementos, senón que, tamén, formar persoas.

Formar alumnado autónomo e libre, integrados nunha sociedade democrática, será tarefa do sistema educativo, polo que os temas transversais serán aplicados a calquera nivel da ensinanza. Estes temas serán:

. educación morar e cívica
. educación para a paz
. educación para a igualdade de sexos e oportunidades
. educación ambiental
. educación para a saúde
. educación sexual
. educación do consumidor
. educación vial.

Programación didáctica

Unidade 1) A música instrumental: pequenas formas e música de cámara.

Obxectivos
- Apreciar a sonoridade da polifonía como signo da mentalidade renacentista, e relacionar este fenómeno cós fenómenos culturais da época.
- Distinguir as principais características musicais da polifonía renacentista e diferencialas con outras polifonías.
- Recoñecer os planos sonoros que están presentes mentres actúa unha estructura polifónica.
- Coñecer o canto polifónico ata o Barroco, para formarse unha idea clara do que supuxo no fundamento da polifonía posterior.
- Adquirir un repertorio de Vilancicos para ampliar a cultura musical.

Contidos

Conceptos
- Os espazos musicais.
- As agrupacións instrumentais.
- As formas instrumentais do Renacemento.
- As pequenas formas instrumentais no Barroco.
- Pequenas formas instrumentais no Clasicismo.
- Pequenas formas instrumentais no Romanticismo.

Procedementos

- Visita a algún espazo musical.
- Audición activa das audicións que se propoñan , tratando de seguir temas e partes das que se compoñen.
- Comentarios de textos musicolóxicos sobre compositores de música de cámara e pequenas formas.
- Comentario de partituras.
- Asistencia a un concerto de música de cámara, e comentar o que sucedeu nel.

Actitudes

- Curiosidade sobre a vida concertista nos medios de comunicación.
- Curiosidade antes as pequenas formas instrumentais.
- Escoitar atentamente as audicións.

- Manifestar interese polo traballo, para adquirir coñecementos sobre pequenas formas instrumentais.

Criterios de avaliación

- Coñecer as pequenas formas instrumentais.
- Valorar o feito musical nos medios de comunicación.
- Ter capacidade de análise en traballos de investigación.

Temas transversais

- Educación cívica.
- Educación para a paz.
- Educación ao consumidor.

Unidade 2): A música instrumental sinfónica.

Obxectivos

- Distinguir as primeiras formas instrumentais barrocas e a evolución da orquestra nelas.
- Distinguir entre obertura, concerto barroco e concerto solístico.
- Coñecer os diferentes conxuntos instrumentais e saber situalos no seu contexto histórico-artístico e a súa evolución.
- Distinguir entre sinfonía e poema sinfónico.
- Coñecer os grandes compositores da música instrumental e as súa peculiaridades.
- Desenrolara capacidade de atención, escoita para distinguir as formas e estilos da música sinfónica.
- Analizar obras como exemplo de desenrolo da música orquestral dentro da historia da música.
- Participar en asistencia a concertos.

Contidos

Conceptos.

- A música instrumental barroca: formas orquestrais, os creadores do concerto.
- A música instrumental no clasicismo: instrumentos do clasicismo, a sinfonía, Ludwing van Beethoven (plenitude sinfónica), o concerto solístico no clasicismo.
- A música sinfónica romántica: a orquestra no Romanticismo, a sinfonía romántica e postromántica, o concerto para orquestra e solista, a música programática, o poema sinfónico.

Procedementos

- Audición activa das obras que se propoñen neste tema, especialmente: Suite orquestral nº2 de J.S. Bach, Concerto grossso nº8 Op.III de Vivaldi, Sinfonía nº40 de W.A.Mozart, Concerto para clarinete K.622 de W.A.Mozart, Sinfonía fantástica de Berlioz.

Actitudes

- Saber gozar do silencio nas audicións.
- Manifestar interese polo traballo e a investigación do tema proposto.
- Colaboración e disciplina dentro do grupo a hora de realizar traballos.

Criterios de avaliación

- Escoitar as obras sinfónicas con actitude de respecto, silencio e curiosidade.
- Analizar obras sinfónicas e localizalas no momento sociocultural nas que naceron.
- Recoñecer os diferentes estilos , formas e compositores da música sinfónica.
- Saber falar con obxectividade, e cun vocabulario adecuado, sobre música sinfónica.

Temas transversais

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.

Unidade 3): A música vocal: formas, evolución

Obxectivos

- Recoñecer a importancia de Grecia como creadora do concepto de música en Europa.
- Apreciara sonoridade da polifonía medieval e renacentista, como signo da mentalidade da época, e relacionar este fenómeno cos demais fenómenos musicais da época.
- Distinguir a s diferencias entre monodia e a polifonía medieval.
- Coñecer as peculiaridades da voz humana, as clases e formacións vocais.
- Coñecer os grandes autores do Renacemento e as formas de música profana.
- Coñecer o canto polifónico, a súa orixe e a evolución ata o Barroco, analizando audicións e partituras, para saber como influíu na música posterior.
- Comprender, en teoría e de modo auditivo, o policoralismo e concertato.
- Distinguir as diferentes formas vocais profanas e relixiosas do Barroco.
- Comprender a idea de “ lied”, canción española, e os compositores máis importantes.
- Coñecer a música vocal romántica, especialmente o Requiem, a Misa e o Oratorio.

Contidos

Conceptos

- Grecia, creadora da música occidental.
- Nacemento da música vocal occidental: o medievo.
- A polifonía.
- Ars nova.
- O canto: a expresión vocal.

- A música vocal no Renacemento.
- A música vocal no Barroco.
- A música vocal no Clasicismo e Romanticismo.

Procedementos

- Audición activa e análise das obras propostas na clase.
- Comentario de partituras.
- Interpretación (si se pode) de mottete, vilancico, coral ou madrigal.
- Investigación e escolma de vilancicos tradicionais.

Actitudes

- Ter sensibilidade e capacidade crítica ante os traballos propostos.
- Interese por coñecer a s formas de creación polifónicas, a súa historia, o lied romántico.
- Disciplina de grupo.

Criterios de avaliación

- Coñecer as formas polifónicas.
- Adquirir un repertorio auditivo das obras máis importantes da polifonía.
- Distinguir as diferentes concepcións da polifonía do Renacemento e o Barroco.
- Saber valorar a importancia da voz como medio de comunicación e como elemento fundamental do feito musical.

Temas transversais

- Educación para a saúde.
- Educación cívica.
- Educación ao consumidor.

Unidade 4): A ópera e a opereta

Obxectivos

- Coñecer as principais características que debe ter un teatro e unha ópera, distinguir os diferentes espazos operísticos.
- Saber valorar e comprender a importancia da ópera na historia da música e do teatro.
- Comprender o dramatismo e expresividade da ópera barroca, así como a súa extensión non só a un público aristocrático, senón popular como espectáculo para distraer e entreter.
- Distinguir entre recitativo e airoso.
- Apreciar os diferentes tipos de ópera: seria, bufa, cómica.
- Comprender as reformas de Gluck e a aportación de W.A: Mozart.

- Coñecer algún exemplo de ópera clásica.
- Valorar os diferentes tipos de óperas románticas: gran ópera, ópera cómica, drama wagneriano, verismo, opereta.
- Coñecer os grandes compositores da ópera romántica.
- Distinguir as diferentes escolas nacionalista.
- Coñecer as novas linguaxes operísticas do S.XX.

Contidos

Conceptos

- Os espazos da ópera.
- Nacemento da ópera durante o primeiro Barroco.
- A ópera no S.XVIII.
- O clasicismo: reforma de Gluck, W.A.Mozart.
- A ópera durante o Romanticismo.
- As escolas nacionalistas
- A opereta no S.XX.

Procedementos

- Audición activa das seguintes obras: Orfeo de Monteverdi, A Frauta máxica de Mozart, O barbeiro de Sevilla de Rossini, A traviata de Verdi, Lohengrin de Wagner, Carmen de Bizet, Erwantung de Shönberg, exemplos de Kurt Weil.
- Comentario de partituras, lectura de libretos e comentario do argumento, visualización de vídeos de ópera.

Actitudes

- Respecto polas produccións e interpretación presentadas.
- Interese por saber e falar de música operística .
- Apertura de mente para respectar os diferentes gustos artísticos.

Criterios de avaliación

- Coñecer as característica dun teatro de ópera.
- Comprender a importancia da ópera na historia do teatro e da música.
- Distinguir con claridade a diferenza entre recitativo e airoso.
- Comprender o contido dramático da ópera barroca.
- Coñecer os diferentes estilos operísticos e a súa incidencia na sociedade do momento.
- Coñecer os principais creadores da ópera de todos os tempos.
- Coñecer terminoloxía operística.

Temas transversais

- Educación para a paz.
- Educación ao consumidor.

Unidade 5): O teatro musical en España: zarzuela e ópera.

Obxectivos

- Valorar a importancia da zarzuela na historia do teatro español.
- Profundizar nas raíces da música en España, nas que naceu e se desenrolou a zarzuela.
- Coñecer como naceu a zarzuela e as súas peculiaridades durante o S.XVII.
- Establecer diferenzas entre zarzuela e a ópera italiana.
- Distinguir a zarzuela do Barroco da que se desenrola no Romanticismo.
- Coñecer a s peculiaridades da zarzuela romántica, e os seus primeiros grandes compositores.
- Distinguir entre ; zarzuela grande, zarzuela chica, xénero bufo e xénero chico.
- Coñecer os grandes compositores do xénero chico.
- Coñecer un repertorio de zarzuelas españolas para entender mellor a cultura española do momento.
- Coñecer os compositores e libretistas mais importantes do S.XX

Contidos

Conceptos

- Zarzuela. Orixe.
- A restauración da zarzuela. A zarzuela romántica.
- O xénero chico. Segundo período.
- A zarzuela no S.XX. Decadencia restauración.
- A ópera.

Procedementos

- Audición activa de : O barberillo de Lavapés e Pan e touros de Barbieri, A berbena da Pomba de Bretón, A gran Vía de Chueca, A revoltosa de Chapí.
- Comentario de críticas de zarzuela dos periódicos da época e dalgunha dunha posta en escena actual.
- Interpretación dalgún coro de zarzuela.
- Realización dalgún traballo sobre intérpretes famosos de zarzuela.
- Asistencia a algunha interpretación dunha zarzuela nun teatro.
- Visualizar vídeos de zarzuelas.
- Representación dalgunha escena fácil de zarzuela.

Actitudes

- Silencio e respecto ante actuacións de canto e teatro.
- Apertura da mente para valorar obxectivamente as producción zarzuelísticas.
- Interese polo estudio e a investigación para ter capacidade de análise e poder valorar as obras zarzuelísticas.
- Liberdade para expresarse teatral a musicalmente.

Criterios de avaliación

- Saber valorar a importancia da zarzuela na historia do noso teatro.
- Saber distinguir as diferenzas entre ópera e zarzuela, así como os diferentes estilos desta última.
- Coñecer os elementos formais e técnicos da zarzuela.
- Ter criterio para falar de zarzuela con sabedoría e sen prexuízos.
- Saber distinguir entre: zarzuela grande, chica, e xénero chico.
- Saber repertorio de zarzuela e saber clasificala oportunamente , así como coñecer os principais compositores e libretistas de zarzuela.

Temas transversais

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación ao consumidor.

Unidade 6) : A danza e o ballet

Obxectivos

- Coñecer a evolución da danza a través da historia , e as súas diferentes manifestacións.
- Recoñecer a orixe da danza como aportación da cultura grega xunto coa música, como formación da xente nova.
- Distinguir as tipoloxías da danza durante o Renacemento e o barroco.
- Coñecer as transformacións que esta arte sufriu ao longo o S.XVII a través de Noverre.
- Discernir os elementos que definen o ballet e a danza, así como as linguaxes referidas a eles.
- Coñecer os elementos formais técnicos do ballet.
- Distinguir os ballet románticos, os seus autores, e os máis destacados bailaríns como parte da cultura europea.

- Coñecer os tipos máis característicos da danza española, os seus pasos e figuras.
- Recoñecer as grandes transformacións do ballet no S.XX, especialmente os ballets rusos e os seus protagonistas.
- Distinguir a danza moderna da clásica.
- Distinguir as músicas dos ballet máis importantes da historia.
- Ser capaces de bailar algunha danza popular.

Contidos

Conceptos

- A danza ata o S.XIX.
- O ballet no S.XIX. O ballet romántico, Salvatore Viganó e Carlos Basis.
- Os cambios do S.XX. Diaghilev, Fokine, Massine e os ballet rusos.
- A danza moderna.
- A danza española.

Procedementos

- Interpretación de danzas populares españolas e estranxeiras.
- Interpretación dunha danza histórica (pavana, gallarda, zarabanda, minuetto, vals, etc.)
- Visualización dalgún ballet que citamos no tema, especialmente un exemplo do ballet romántico como A Sílfide, ou calquera de Chaikovski, e outro do S.XX como Paxaro de Lume .
- Investigación sobre danzas populares ou históricas do entorno.
- Escoitar e ver algún ballet de Chaikovski e de Stravinski.
- Interpretación dalgún baile rock ou pop.

Actitudes

- Fomento da hixiene e saúde corporal desenrolando a flexibilidade e a psicomotricidade.
- Valoración da danza como unha linguaxe expresiva e creativa.
- Respecto e tolerancia cara o traballo dos compañeiros a hora de realizar algún baile ou danza.
- Abrirse e saber valorar os diferentes tipos de danzas, xa sexan novas ou antigas.

Criterios de avaliación

- Valorara danza como medio de expresión e creación da cultura occidental.
- Coñecer a evolución e historia da danza.
- Dominar a linguaxe esencial de termos do mundo da danza.
- Coñecer os grandes protagonistas do mundo da danza, tanto bailaríns, coreógrafos, ou músicos.

- Coñecer e recoñecer a música dos ballet máis importantes dentro da historia da música.
- Realizar danzas populares.

Temas transversais

- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de sexos.
- Educación para a paz.

Unidade 7): a música no S.XX. As primeiras rupturas

Obxectivos

- Coñecer as transformacións da linguaxe que sufre a música coa chegada do S.XX: melodía, ritmo textura.
- Recoñecer os cambios que sufre a orquestra e comparala co pasado.
- Penetrar no mundo artístico- musical do S.XX, e velo como similar a que define a pintura e, en xeral, o arte deste século.
- Valorara importancia dos cambios artísticos ao comezo de século, como unha revolución máis da sociedade do S.XX e reflexo da sociedade da época.
- Coñecer as aportacións de Stravinski e Shönberg, para acostumar o oído e o gusto ás novas músicas.
- Coñecer as peculiaridades técnicas do impresionismo, atonalismo, neoclasicismo e dodecafonismo.
- Coñecer aos grandes protagonistas destas reformas.
- Coñecer aos grandes protagonistas do nacionalismo español do S.XX.
- Coñecer as primeiras vangardas musicais de España na xeración do 27...

Contidos

Conceptos

- Os cambios na linguaxe musical.
- A música contemporánea ata a primeira guerra mundial.
- A música dende a primeira guerra mundial.
- A música española no século XX ata as vangardas.

Procedementos

- Audición activa de obras das vangardas musicais como as que se propoñen neste tema, tratando de escoitalas repetidas veces de maneira que o alumno faga súas as novas sonoridades.
- Audicións comparadas entre as tendenzas de ruptura e, as que como no neoclasicismo, seguen a tradición.

- Tratar de ver os cambios a partir de partituras que ofrecemos entre a música do S.XX e as anteriores, comparando os cambios.
- Asistencia a concertos de música.

Actitudes

- Respecto a música de Debussy, Stravinski e Shönberg, para acostumar o oído e o gusto as novas músicas.
- Falar de música contemporánea con criterios xustos dende o coñecemento, a obxectividade e o respecto.
- Apertura de mente ante as novas tendenzas.
- Respecto aos novos artistas que manifestan novas creacións.
- Desenrolar actitudes positivas, nos valores e normas de comportamento sen distinción de persoas, razas, sexos ou maneiras de pensar.

Criterios de avaliación

- Coñecer as novas tendenzas musicais, para penetrar na cultura do S.XX.
- Respectar aos artistas e as súas novas formas de expresión.
- Coñecer e distinguir os diferentes movementos estéticos da música da primeira metade do S.XX.
- Coñecer as calidades e os artistas máis importantes de comezo do S.XX.
- Coñecer a evolución da música española ata mediados do S.XX e os seus representantes máis destacados.

Temas transversais

- Educación para a paz.
- Educación para o consumidor.

Unidade 8): Século XX. A música das vangardas

Obxectivos

- Valorara importancia das novas tecnoloxías na creación e reproducción da música.
- Recoñecer as novas linguaxes, para poder apreciar e entender a música de vangarda, e as novas correntes artísticas.

- Recoñecer a música concreta, electrónica e electroacústica.
- Distinguir as grandes correntes de vangarda musical: serialismo integral, música aleatoria, postserialismo e as súas variantes.
- Coñecer as últimas linguaxes de vangarda como son o minimalismo e a nova tonalidade.
- Distinguir os grandes nomes destes cambios.
- Coñecer palabras técnicas destas novas linguaxes.
- Coñecer as vangardas e as novas xeracións de compositores en España.
- Intentar comprender as novas escrituras musicais.

Contidos

Conceptos

- Os primeiros movementos da posguerra: os anos 50.
- O posterialismo: música grupal, estocástica, citas e colages, minimalismo.
- A música de vangarda en España.

Procedementos

- Audición activa de obras referentes a época a tratar, escoitándoas repetidas veces.
- Audicións comparadas de diversas tendencias para ver similitudes e diferenzas.
- Ver os cambios a partir das partituras que ofrecemos entre as músicas do S.XX e as anteriores, comparando os signos de cambio.
- Asistencia a concertos de música vangardista con respecto.

Actitudes

- Respecto a música dos grandes compositores do momento: O.Messiaen, Anton Weber, P.Boulez, Stockhausen, etc.
- Saber falar de música contemporánea con criterios xustos dende o coñecemento e a obxectividade.
- Respecto as novas músicas, como testemuña do avance dos nosos tempos.
- Interese polos novos descubrimentos musicais.
- Desenrolo actitude positivas cara estas novas formas e expresións musicais.

Criterios de avaliación

- Coñecer as novas tendenzas musicais e penetrar na cultura do S.XX
- Coñecer os diversos movementos estéticos da segunda metade do s.XX.
- Coñecer as características destes movementos musicais.
- Coñecer os compositores, e calidades, máis significativos de finais do S.XX.
- Valorar a importancia das novas tecnoloxías na creación e reproducción musicais desta época.

- Coñecer a evolución da música española dende mediados do s.XX, e os seus representantes máis destacados.

Temas transversais

- Educación para a paz.
- Educación ao consumidor.

Unidade 9): As novas tecnoloxías

Obxectivos

- Valorar a importancia das novas tecnoloxías na reprodución e consumo de música.
- Recoñecemento as novas máquinas gravadoras e reproductoras de son e a súa evolución como parte da evolución científico e humana.
- Distinción os diversos aparatos e técnicas de gravación mecánica, magnética e eléctrica.
- Coñecer as diversas clases de contedores de música, e as súas calidades específicas.
- Distinción as máquinas elaboradoras e transformadoras do son.
- Coñecer grandes momentos da historia da fonografía.
- Recoñecer os problemas e a vida da industria fonográfica, e os datos económicos arredor dela.
- Coñecemento do mundo dos sintetizadores e a súa aportación ao mundo da creación de novos sons para a súa manipulación.

Contidos

Conceptos

- A cadea sonora: gravación, mestura e reprodución do son.
- Os contedores de música.
- Máquinas elaboradoras e transformadoras.
- Historia da fonografía.
- A música e as novas tecnoloxías.

Procedementos

- Coñecemento de aparatos que se presentan neste tema e través das fotografías e saber distinguilos.

- Audicións comparadas de sons que producen cada un.
- Ver os cambios de captación e reproducción do son ao longo da historia.
- Traballos de investigación sobre grandes inventores deste novo mundo sonoro.

Actitudes

- Favorecer propostas medio ambientais que respecten o silencio ante a contaminación acústica.
- Curiosidade para comprender todos os avances científicos no tratamento do son.
- Facer uso destes medios , respectando os dereitos do demais.

Criterios de avaliación

- Coñecer os diversos medios de conservación, reproducción e consumo do son como parte da cultura e do benestar moderno.
- Distinguir os aparatos esenciais inventados ao longo do S.XX, como unha parte esencial da cultura moderna,
- Coñecer as calidades propias de cada un deles.
- Coñecer termos específicos para describilos como parte da linguaxe normal de comunicación.
- Saber usar o MIDI para realizar novas músicas e efectos sonoros.

Temas transversais

- Educación ao consumidor.

Unidade 10): A interpretación musical e os oficios musicais

Obxectivos

- Saber que a música pode ter distintas interpretación e por elo, existen as chamadas: escolas de interpretación.
- Recoñecer a importancia do director ao longo da historia, e os cambios que sufriu a súa función.
- Recoñecer a transcendencia da función do intérprete nunha arte que ten dous momentos que se precisan un o outro, a da creación e a da interpretación.
- Recoñecer que a música é unha arte que xera entorno dela numerosos oficios, todos importantes dentro deste mundo.
- Recoñecer os grandes momentos da historia da edición musical, e os máis importantes editores de todos os tempos.

- Recoñecer a importancia da fabricación de bos instrumentos, que sempre estiveron dentro da evolución da música.

Contidos

Conceptos

- A interpretación musical: as escolas de interpretación, o director, o intérprete.
- Os oficios musicais: a ensinanza, a investigación musical (musicoloxía), a edición e o editor musical, os medios de comunicación e a música (a crítica musical), a fabricación de instrumentos musicais.

Procedementos

- Coñecemento das diferencias que poden levar as diferentes interpretacións dunha obra, poñendo exemplos claros de distintas versións.
- Audicións comparadas dunha obra entre varias interpretacións dadas.

Actitudes

- Favorecer o respecto os intérpretes de música.
- Valorar o esforzo intelectual feito polo intérprete, para dominar as técnicas precisas e poder ofrecerllo ao público.
- Ter curiosidade por coñecer o mundo que rodea a música , ler críticas musicais, etc.
- Facer uso social dos medios da música: instrumentos, partituras, lugares.

Criterios de avaliación

- Coñecer os diversos medios que necesita a música para a súa comunicación e para converterse nunha arte social.
- Coñecer as diferentes técnicas de interpretación da música que se poñen de moda coa chegada do S.XX.
- Coñecer o nome dalgún gran intérprete ou director de música.
- Coñecer as funcións dos diversos centros de formación de música.
- Coñecer os cambios que se produciron na edición musical.
- Coñecer as funcións dos diversos oficios da música.

Temas transversais

- Educación para a paz.
- Educación para o consumidor.
- Educación para o medio ambente.

XIV. 3º ESO

Facemos unha apartado propio para 3º da ESO , xa que é o único curso ao que se lle aplica a nova lei este curso.

1_ **Obxectivos**

- Utilizar a voz, o corpo , obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as posibilidades de comunicación.
- Desenvolver e aplicar diferentes habilidades que posibiliten a creación, así como a interpretación vocal de danza e instrumental do alumno.
- Escoitar unha ampla variedade de música, tanto de xéneros, estilos, diferentes culturas, etc, tanto para o goce persoal como para completar a formación do alumno/a.
- Recoñecer as obras musicais dentro do contexto socio.cultural e histórico nas que se fixeron, así como un domino do vocabulario propio da especialidade.
- Utilizar as diferentes fontes da información.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos para a creación e escoita de expresións musicais.
- Participar e organizar actividades musicais, para tomar conciencia de estar dentro dun grupo, e responsabilizarse do que un fai.
- Comprender e valorar a s relación entre a linguaxe musical e outras linguaxes.
- Elaborar xuízos e criterios persoais que permitan o alumno/a escoitar e ver a música dunha maneira máis autónoma.

2_ Contidos.

- **Bloque 1. Escoita.**

. Uso dos medios precisos para a escoita.

. Identificar os elementos da música, características, clasificacións de diferentes voces, instrumentos, agrupacións, de diferentes épocas e estilos.

. A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais.

. Valoración da música como forma de comunicación

-**Bloque 2. Interpretación**

. A voz e a palabra como medio de expresión musical, habilidade para usala.

. Os instrumentos e corpo como medios de expresión musical, saber usalos.

. Predisposición a participar en obras de conxunto, ben sexan tocadas, cantadas tocadas ou danzadas. Ter destreza para interpretar pezas musicas, ben sexan en grupo ou en solitario.

. O silencio, a relaxación a respiración como parte importante do mundo musical, experimentación nese parámetros.

. Aceptación e cumprimento das normas necesarias para desenrolara s habilidade técnicas que require a música, así como a pertenza a un grupo.

- **Bloque 3. Creación**

. A improvisación e a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical.

. Representación de actividades de expresión corporal (danza) ou instrumental en público.

. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais que fagan os alumnos/as, ou a salleas a eles.

.Utilización das tecnoloxías da comunicación nos procesos de creación mnusical.

- **Bloque 4. Contextos musicais**

. Recoñecemento das obras no seu contexto espacio-temporal no que se desenrolou.

. Pluralidade de estilos na múisca actual.

.A música ao servicio doutras linguaxes: corporal, teatral, radiofónica, cinematográfica ou publicitaria.

. O son e a música nos medios audiovisuais, así como as fontes da información para indagar en instrumentos, estilos, concertos produccións...

3**. Criterios de avaliación**

- Recoñecer auditivamente e determinar a época á que pertencen distintas pezas escoitadas na clase.
- Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe propia da música que traballamos na aula.
- Comunicar axeitadamente as distintas manifestacións musicais traballadas xa na aula.
- Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical proposta na aula.
- Coñecer, e practicar, como funciona a interpretación musical en grupo, ben sexa instrumental, vogal ou en movemento corporal.
- Elaborar, coas pautas que lle de o profesor, un pequeno arranxo musical sobre un tema dado.
- Ler e dominar as grafías musicais, coas que se escribe unha obra musical (imprescindible nesta materia).

XV.Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia cultural e artística** en todos os aspectos que a configuran. Potenciando así actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto a a outras manifestacións musicais e artísticas, dentro do contexto socio-cultural e histórico na que se move.

Colabora ó desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, mediante o traballo colectivo (práctica de pezas tanto tocadas como cantadas en conxunto, ademias da preparación de danzas) e a habilidade para planificar e xestionar proxectos.
O feito de ter que perseverar na práctica, responsabilizarse da súa parte dentro dun grupo, a autocrítica e a autoestima (polo traballo ben feito sobor de todo) fai que o alum,no traballe a competencia antes citada. Facer unha actuación, por exemplo, implica traballo persoal, perseverancia, diálogo cos compañeiros, valoraras ideas dos demais, chegar a acordo, en definitiva un traballo cooperativo e flexible por un ben común.

Contribúe tamén a **competencia social e cidadá**. Dendeo momento que ten que ver unha actuación en directo con máis xente, ten que respectar unhas normas de convivencia. Facer actividades colectivas implica diálogo, expoñer as tuas ideas e escoitar e aceptar as dos demais. Coordinar as acccións propias coas accións dos demais, crea responsabilidade.
Oescoitar música de diferentes estilos, épocas, estilos e diferentes culturas, fomenta a o valorar diferentes culturas, algo básico nunha sociedade nas misturada como a nosa.

A **competencia dixital e tratamento da información** tamén e traballada coa música. As diferentes formas de gravación, os diferentes formatos de son (dixital, internet, analóxico, etc) axudan a coñecer as novas tecnoloxías (o uso de internet, ou escribir nun ordeador, dominio do software músical, axuda a potenciar esta competencia). Falar dos dereitos de autor, e a súa importancia dentro dos medioos de comunicación.

Tamén axuda a **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria , á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística**, o uso dunha linguaxe técnica, propia da música, e a súa interacción coa linguaxe verbal, favorecen os intercambios comunicativos.

Na **competencia do coñecemento e a interacción co mundo físico**, diremos que o traballo que se realiza para falar do ruído, a contaminación sonora o úso indiscriminado da música traballará esta competencia.
O uso correcto da voz e do aparato respiratorio, para previr problemas de saúde, tamén axudas a conquerir esta competencia.

Diremos, por último, que a música axuda a conquerir a **competencia matemática**, xa que, as matemáticas eo seu uso son imprescindibles para o uso da linguaxe musical, valor de figuras, compases, tipos de escalas, rixense por rigurosas leis matemática. Quizais sen o uso das matemáticas haxa música, pero non existiría unha linguaxe de signos musicais tan complexa sen axuda das matemáticas.

ANEXO Á PROGRAMACIÓN

Queremos facer referencia aquí ós alumnos que non superaron o curso pero pasaron ó seguinte con música pendente.

- Os alumnos que pasen de 2º a 3º ESO , recuperán 2º unha vez superada a asignatura en 3º ESO.
- Os alumnos que pasen de 3º a 4º da ESO, recuperarán 3º unha vez superado 4º da ESO..
- Os alumnos que pasen de curso, e non teñan nese ano a asignatura de música, deberán realizar unha serie de probas, ó longo do curso, marcadas polo seminario de música. Estas probas serán, en xeral, na 2ª ou na 3ª, ou ben na 2ª e 3ª avaliacón do curso.

Asinado: Lucinio Medel Iglesias (xefe departamento)